



PROPOSICIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR, COMPOSTELA ABERTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN DE ESTUDO QUE AVALÍE E SUPERVISE A TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE CREACIÓN DUN POLO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA SIONLLA

Os grupos municipais do Partido Popular, Compostela Aberta e Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presentan, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte proposición:


O concello de Santiago comprometeuse no ~~se~~ día a participar no desenvolvemento dun polo de innovación tecnolóxica na Sionlla, comprometéndose, para estes efectos, a ceder unha parcela municipal. A tal parcela foi solicitada o 5 de xuño de 2020 por unha das sociedades promotoras do proxecto non sendo ata case un ano máis tarde -o 21 de maio de 2021- que o Concello iniciou "o procedemento de concesión demanial", aínda sen resolver. O tempo transcorrido entre a primeira solicitude e o mero inicio do expediente -que non a resolución- así como o exame do mesmo reflicten unha presumible falta de dilixencia e unha situación de desgoberno, particularmente no departamento de Urbanismo, especialmente grave por tratarse dun asunto estratéxico para a cidade pero que pode ser indicativa doutras situación semellantes.

É por iso polo que o Pleno do Concello insta ao correspondente órgano de Goberno a:

Constituír unha comisión de estudo de carácter especial, integrada consonte a un sistema de voto ponderado por dous membros de cada grupo municipal para que supervise a participación do Concello no proxecto de creación dun polo de innovación tecnolóxica, avalíe a presumible falta de dilixencia habida e esixa, no seu caso, as responsabilidades oportunas.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2021


Alejandro S. Brunete Varela
Portavoz do Grupo Popular


Goretti Sanmartín Rei
Portavoz do BNG


Marta Lois González
Portavoz do Grupo de CA

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela